

D I T A M E

sobre o anteproxecto de

**Lei de apoio á familia
e á convivencia
de Galicia**



APROBADO POLO PLENO O 7 DE FEBREIRO



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 9 de novembro de 2010 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de Lei de Apoio á Familia e á convivencia de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 17 de novembro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o 23 de novembro de 2010, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 6/11, de data 1 de febreiro, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 1/11, de 7 de febreiro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

1. Obxecto da Lei:

Recoñecer a familia como estrutura básica da sociedade e ámbito natural de desenvolvemento da persoa, regulando a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer as familias e aos seus membros e, en especial, os nenos e nenas e adolescentes.

O anteproxecto de lei estrutúrase nun título preliminar e tres títulos máis, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións finais.

No **Título Preliminar** “*Disposicións xerais*” (artigos 1 ao 5), recóllese o obxecto e finalidade, o ámbito de aplicación, a transversalidade, os órganos asesores e de participación e a planificación estratéxica de axuda ás familias.

O **Título I** “*Da familia*” (artigos 6 ao 40) divídese en seis Capítulos.

Capítulo I “*Disposicións comúns*” (artigos 6 ao 8), refírese aos principios reitores de liberdade, igualdade e responsabilidade pública, a protección da familia e as competencias.

Capítulo II “*Das familias de especial consideración*” (artigos 9 ao 23), abarca os grupos de familias de especial consideración como as familias numerosas, as monoparentais, as con maiores a cargo, con persoas con discapacidade a cargo, con persoas dependentes a cargo e as familias acolledoras.

Capítulo III “*Das persoas maiores*” (artigos 24 ao 29), comprende os principios reitores, os ámbitos de actuación referidos a atención socio-sanitaria, a educación e formación, participación, lecer e cultura.

Capítulo IV “*Da protección á maternidade*” (artigos 30 e 31), recolle os principios reitores e os ámbitos de actuación.

Capítulo V “*Conciliación da vida persoal, familiar e laboral*” (artigos 32 ao 35), referido aos principios reitores da conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a adopción de medidas, a igualdade de homes e mulleres, corresponsabilidade e sensibilización.

Capítulo VI “*Do apoio familiar e da mediación*” (artigos 36 ao 40), aborda o concepto de apoio familiar, as súas finalidades, mediación familiar, as súas finalidades e os recursos para o apoio familiar e a mediación.

O **Título II** “*Da infancia e adolescencia*” (artigos 41 ao 108) divídese en seis Capítulos.

Capítulo I “*Disposicións xerais*” (artigos 41 ao 46), recolle o concepto e o ámbito de aplicación, os principios reitores, o principio de corresponsabilidade e o deber de colaboración, a planificación de actuacións e programación de recursos, atribución de competencias e a condición de axente da autoridade.

Capítulo II “*Dereitos e deberes*” (artigos 47 ao 50), referido a infancia e a adolescencia: dereitos de especial protección, prohibicións relativas a publicacións e material audiovisual, defensa dos dereitos e os deberes.

Capítulo III “*Da protección da infancia e adolescencia*” (artigos 51 ao 84), comprende actuacións, accións e medidas de prevención, sistema de protección, situacións de risco, actuación ante situación de risco, obxectivo da actuación administrativa, situación de desamparo, actuación ante dita situación, declaración da mesma, medidas de protección e da súa execución, principios de intervención mínima e proporcionalidade, cooperación da familia, oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores, apoio á familia, asunción da tutela administrativa, cesamento e promoción da tutela ordinaria, concepto e contido da garda, garda rogada e cesamento, concepto, contido e criterios de aplicación do acollemento, acollemento familiar, residencial e o cesamento, adopción como medida de protección, os dereitos das persoas menores en relación coa adopción, as competencias nesta materia e os requisitos das persoas adóptantes, valoración da idoneidade para adoptar, selección das persoas adóptantes e proposta de adopción e o rexistro de adopcións.

Capítulo IV “*Das actuacións en materia de reeducación de persoas menores infractoras*” (artigos 85 ao 98), abarca as persoas menores infractoras, a responsabilidade penal das e dos menores, o obxecto do sistema de reeducación de menores, os principios de actuación, o asesoramento, a conciliación e reparación, a execución das medidas xudiciais e as que lle corresponden a Comunidade Autónoma, a colaboración e regras para a execución das medidas xudiciais, o expediente persoal da ou do menor, as medidas de medio aberto ou internamento e as actuacións posteriores á execución das medidas.

Capítulo V “*Das actuacións posteriores á execución das medidas*” (artigos 98 ao 100), referido ao principio xeral en materia da atención especializada da infancia e da adolescencia e dos problemas específicos e actuacións en dita materia.

Capítulo VI “*Das institucións, entidades e centros de atención a menores*”

(artigos 101 ao 108), comprende as entidades prestadoras de servizos de atención á infancia e á adolescencia, das que realicen funcións de mediación a efectos de adopcións internacionais, os centros de atención á infancia e á adolescencia, outros recursos de atención á infancia e adolescencia, os dereitos das e dos menores nos centros, as obrigas das persoas menores de idade nos centros, as medidas educativas correctoras e o réxime aplicable ás menores e aos menores infractores.

O **Título III** “*Infraccións e sancións administrativas*” (artigos 109 ao 122) divídese en catro Capítulos.

Capítulo I “*Disposicións xerais*” (artigos 109 e 110), abarca o réxime de infraccións e suxeitos responsables así coma a prescrición de infraccións e sancións.

Capítulo II “*Infraccións*” (artigos 111 ao 115), recolle a clasificación das infraccións, as infraccións leves, graves, moi graves e a reincidencia.

Capítulo III “*Sancións*” (artigos 116 e 117), referido a clasificación e gradación das sancións, e os criterios de gradación.

Capítulo IV “*Procedemento sancionador*” (artigos 118 ao 122), comprende o procedemento sancionador, medidas de carácter provisorio, resolución e imposición de sancións e os recursos as mesmas.

Nas **Disposicións Adicionais**, recóllense os órganos asesores e de participación, a prioridade orzamentaria e a modificación da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia.

Na **Disposición Transitoria**, Única. Vixencia transitoria.

Na **Disposición Derrogatoria**. Única. Derrogación normativa.

Nas **Disposicións Finais**, fai referencia a actualización de sancións, o desenvolvemento regulamentario e a entrada en vigor da presente Lei.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- Sobre o **título** da Lei, o CES entende que, aínda que non resulta incorrecto lingüisticamente, parece máis adecuado que se denomine: *“Lei galega de apoio á familia e á convivencia”*.

O CES estima que esta norma semella de pouca incidencia práctica, na medida en que se centra na declaración de intencións e principios, pero non nas accións materiais a desenvolver.

2.- O CES entende que este anteproxecto de Lei é regresivo, xa que leva implícitos graves recortes dos dereitos das mulleres, facendo retroceder moito tempo atrás os avances sociais, así como pola profunda carga ideolóxica que conleva, recuperando a retórica da familia heterosexual e a maternidade como rol social vital das mulleres, o cal supón o control, a fin de contas, da súa vida sexual.

Pese á ambigüidade do título, o anteproxecto non pretende establecer accións de apoio á convivencia, senón recuperar o rol tradicional das mulleres, para aforrar así recursos orzamentarios en dependencia, en garderías e escolas infantís, en actividades extraescolares e comedores. No canto de establecer medidas por parte da administración que estimulen a natalidade, que favorezan a maternidade como unha escolla libre; no canto de abrir as escolas pechadas no rural, de construír novas unidades con horario ampliado e adaptado aos horarios laborais, de ampliar a rede pública de escolas infantís e centros de día, de establecer unha liña de axudas á conciliación e á natalidade, de evitar e perseguir as discriminacións relacionadas coa conciliación da vida familiar e laboral, de protexer ás mulleres da pasividade das mutuas na protección do embarazo e da lactación; coa escusa de protexer á familia, o que realmente se agocha dentro do contido do anteproxecto de lei, é conseguir desde os poderes públicos que as mulleres non exerzan o seu dereito a decidir libre e informadamente sobre a súa maternidade, reforzando, desde a administración pública, e con rango de lei, os discursos que cimentan o patriarcado.

Consideramos que se verdadeiramente se quere apoiar á maternidade debe

facerse no marco de medidas que teñan en conta non só o aspecto biolóxico, senón tamén social, facendo unha clara diferenciación entre sexualidade e maternidade, incluíndo información nestes dous campos, pero respectando a liberdade individual para decidir ser ou non nai. E os poderes públicos deben poñer a disposición das mulleres o sistema sanitario para que sexa capaz de dispensar os métodos anticonceptivos para evitar embarazos non desexados (incluíndo ás solucións de urxencia como a pílula postcoital), para facer un seguimento do embarazo e o parto, humanizando este, e tamén para que atenda ás interrupcións voluntarias do embarazo, sendo preciso contemplar na rede educativa unha verdadeira materia de educación sexual que poida orientar á mocidade a vivir a sexualidade sen tabús e limitacións, pero cun maior coñecemento que poida evitar embarazos non desexados.

Continuamente emprégase a terminoloxía da protección, abandonando a linguaxe do empoderamento e dos dereitos das mulleres. Nun contexto de crise económica, non deberían levarse a cabo medidas como a redución de servizos autónomos e públicos de igualdade, alegando motivos económicos (como é o caso da supresión do Servizo Galego de Igualdade), cando se van dispor orzamentos específicos para a creación de novos órganos como o Consello Galego da Familia e o Observatorio Galego da Familia.

O goberno galego, con este anteproxecto, asume de novo que as mulleres son un colectivo que debe protexer e dirixir, en vez de garantir que poidan decidir sobre o exercizo da súa maternidade, garantir a lactación e a crianza dos seus fillos e fillas, e garantir que, xunto coas súas parellas poidan compatibilizar a súa vida familiar e laboral.

Alén destas consideracións, o anteproxecto, pese a enunciarse como Lei de apoio á familia e á convivencia, na maior parte do seu desenvolvemento non contempla actuacións específicas dirixidas aos membros do núcleo de convivencia que non formen parte da infancia e adolescencia, é dicir, persoas maiores, con discapacidade ou dependencia, polo que parte do abano de protección que o documento debería incluír esquece a este importante colectivo, máis nun país como o noso, formado na súa meirande parte por persoas maiores ou dependentes.

3.- O CES considera que se debería engadir a expresión ***núcleo de convivencia*** sempre que se mencione o termo familia en todo o texto, xa que é

menos excluínte co primeiro. Por núcleo de convivencia entenderase “*o conxunto de persoas que viven habitualmente baixo o mesmo teito, e que poden estar ligadas entre elas por lazos de parentesco ou afinidade*”.

Así mesmo, deberíanse substituír os termos *minusvalía* e *persoas discapacitadas* por ***persoas con discapacidade***.

4.- O CES manifesta, como xa o fixo en anteriores ditames, o carácter reiterativo do contido de moitos dos artigos do anteproxecto, que son reprodución literal de normas que se conteñen noutros instrumentos normativos, tanto propios da Comunidade Autónoma de Galicia como da normativa estatal, co perigo que a súa reprodución supón ante un eventual cambio da norma referida e a posible inconstitucionalidade sobrevida do seu contido posto que regulan as materias que non se corresponden co ámbito competencial da comunidade autónoma, ademais de crear distorsións innecesarias na interpretación legal.

Isto acontece, a modo de exemplo, co concepto legal de garda, adopción ou acollemento.

5.- O CES estima que na **Exposición de motivos**, no **artigo 1** (obxecto), no **artigo 6** (principios reitores) e en xeral en todo o anteproxecto aparece a familia como estrutura básica e medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa, así como o obxecto de aplicar unha política que busca directamente a promoción da natalidade.

Trátase de conceptos dunha profunda carga ideolóxica que, por outra banda, pouco teñen que ver coa idiosincrasia da sociedade galega actual e menos aínda atopan unha xustificación coherente que as sustente. A idea de que a esencia do desenvolvemento das persoas é a formación ou desenvolvemento da familia é tremendamente reduccionista e inxustificada.

O CES entende que a expresión ámbito “*natural*” non parece a máis apropiada para un texto legal, pois pode dar a entender que hai un desenvolvemento “natural da persoa”, habendo outros anómalos ou irregulares. Outra cousa é recoñecer a “*habitualidade*” da vida nun determinado ámbito, recoñecer a institución familiar e establecer medidas de fomento e apoio á mesma,

mesmo considerar un obxectivo o mantemento da institución, pero sen considerar unha institución como algo “*natural*”.

6.- O CES estima que neste anteproxecto de Lei, no **Capítulo III: Das persoas maiores**, tense que ter en conta que na actualidade estase elaborando a planificación no ámbito das persoas maiores, polo que este Capítulo debería coordinarse coa devandita planificación, que xa foi obxecto de consulta no trámite de audiencia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- Exposición de motivos.

O CES considera que neste anteproxecto de Lei debería incluírse referencia expresa a unha serie de normas, que na actualidade rexen distintos aspectos obxecto deste Anteproxecto, tales como:

- A Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, sobre todo respecto do establecido en materia de conciliación e igualdade.
- A Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, no relativo á protección á maternidade especialmente ao referido no Título I, Capítulo IV.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Teríase que ter en conta, no contexto da exposicións de motivos, a planificación familiar e mesmo a interrupción do embarazo nos supostos legais conformando así a plena decisión sen coercións das familias.

O CES estima que, respecto do primeiro parágrafo, debería terse en conta que a nosa Comunidade presenta dende hai anos un cambio do modelo familiar tradicional motivado especialmente polo movemento rural cara as zonas industriais (sobre todo no caso da mocidade) ou cara ao exterior, na procura de oportunidades laborais.

No **apartado II, parágrafo 6**, o CES considera necesaria a modificación da actual redacción contida na Lei 3/1997. En base ao establecido na disposición derogatoria deste anteproxecto, esta norma non sufrirá modificacións, senón que será derogada na súa totalidade, sendo a Lei 7/2004 a que se verá modificada.

No noveno parágrafo úsase o termo “*nacional*” en referencia ao conxunto do Estado español, polo que sería máis correcto, a fin de evitar confusións interpretativas, a utilización do termo “*estatal*”.

Na parte final da exposición de motivos procede engadir unha frase para

sinalar que o anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do CES de Galicia.

O CES bota en falta a mención á realidade obxectiva do impacto de certos prexuízos sociais no seo da familia que condicionan que as mulleres desenvolvan o seu proxecto vital. Así mesmo, que non se mencionen políticas de relacións no fogar entre homes e mulleres, nas cales a corresponsabilidade sexa un obxectivo transversal, incluso como referencia desta no título.

2.- O artigo 1. Obxecto e finalidade.

O CES considera que o obxecto desta lei da lugar a confusión, xa que este non é recoñecer a familia como (...) senón o establecemento de bases e medidas que deben desenvolver os poderes públicos, para unha política de apoio á familia. O CES propón a seguinte redacción:

“A presente Lei ten por obxecto establecer un marco xeral de actuacións que deberán promover os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas competencias, dirixidas a procurar, de conformidade co disposto no artigo 39 da Constitución, a protección xurídica, económica e social da familia - en tódalas súas manifestacións e formas de organización- da infancia, das persoas maiores, das persoas con discapacidade ou dependentes, favorecendo a permanencia dentro do seu núcleo de convivencia, así como dos menores que se atopen nunha situación de posible desprotección, desamparo ou conflito social”.

3.- O artigo 2. Ámbito de aplicación.

O CES considera que neste ámbito de aplicación deberían establecerse a infancia, a adolescencia e as persoas maiores como destinatarias deste anteproxecto.

O CES entende que se debe incluír dentro do ámbito de aplicación, como *destinatarios* e *destinatarias* (o texto só inclúe a referencia en masculino, que deberá ser corrixida) ao conxunto de persoas que viven habitualmente baixo o mesmo teito, e que poden estar ligadas entre elas por lazos de parentesco ou afinidade, atendendo e respectando á diversidade de modelos familiares.

No **artigo 2.d)** faise referencia ao fillo ou filla que espera a muller xestante, entrándose nun terreo que é obxecto de lexislación específica. Está aquí implicada a concepción de cando se entende que existe vida humana e cando se entende que nacen os dereitos como persoa.

O CES entende que a dita referencia non procede nesta Lei.

4.- O artigo 3. Transversalidade.

O segundo apartado fai referencia á implicación dos medios de comunicación para respectar o disposto neste anteproxecto. O CES entende que debería establecerse un artigo específico, no que se concreten os mecanismos que, dende a Xunta, se prevén para o fomento desta implicación (por exemplo a difusión dun decálogo de boas prácticas).

Tamén entende que se debe incluír ao colectivo de persoas con discapacidade ou dependentes e concretar en que van consistir as actuacións e o desenvolvemento das mesmas, do sistema aludido neste artigo.

5.- O artigo 4. Órganos asesores e de participación.

O CES entende que o establecemento da composición e funcións debe ter en conta o disposto na Lei 17/2008, do 29 de decembro, de Participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, polo que debería terse determinado xa neste anteproxecto, a composición e funcións básicas destes organismos, sen menoscabo de establecer a posibilidade dunha regulamentación interna de funcionamento posterior.

Dado que o presente anteproxecto deixa cuestións relevantes pendentes de posterior desenvolvemento regulamentario -aínda que realmente a lei non ten porque esgotar a regulación da materia, podendo ser normas de rango inferior as que a complementen-, isto non pode ser utilizado de forma non xustificada.

Polo tanto, consideramos necesario que neste anteproxecto de lei se afonde naqueles aspectos cuxa configuración resulta relevante, e neste caso o é, para dotalo de contido e sentido que lle son propios, polo que en todo caso se

deben fixar unhas pautas precisas ás que someterse, co fin de garantir con antelación a súa idoneidade.

6.- O artigo 5. Planificación estratéxica de axudas ás familias.

O CES recorda a este respecto que a nosa Comunidade conta na actualidade co *IV Plan Integral de Apoio ás familias galegas 2008-2011*, polo que se entende xa existe esta planificación estratéxica.

O CES considera que o que debería dispor este artigo é a avaliación deste plan, determinando así o desenvolvemento do que sería o *V Plan integral galego*, aproveitando para iso, os órganos contemplados no artigo 4.

O CES entende necesario engadir a elaboración dun Plan específico de estímulo da natalidade, adopción ou acollemento.

Por outro lado debería concretarse na Lei o alcance da colaboración cos concellos.

7.- O artigo 6. Principios reitores.

O CES valora facer extensivo o principio de igualdade non só á infancia e a adolescencia, senón tamén ás *persoas con discapacidade ou dependencia*.

8.- O artigo 7. Protección da familia.

O CES entende que se debe engadir “*sexo cal sexo a composición do núcleo familiar ou de convivencia, atendendo á súa diversidade*”.

9.- O artigo 9. Grupos de familias de especial consideración.

O CES considera que no artigo 9, entre os grupos de familias de especial consideración, bótanse de menos grupos de familias que na actualidade forman parte dos grupos máis vulnerables da nosa sociedade, entre outros, as constituídas por mulleres que sofren violencia de xénero e as familias que se

atopan en risco de exclusión social ou marxinación.

10.- Sección 1ª. Familias Numerosas.

O CES estima que para o disposto nesta sección, cando se refire á Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas, debería-se indicar o artigo ou artigos de referencia, de xeito que se facilite a súa consulta.

11.- O **artigo 10**, Concepto e condicións; **artigo 12**, Acreditación da condición de familia numerosa; e **artigo 13**. Familias monoparentais. Concepto.

O CES solicita que se supriman os **artigos 10 (segundo e terceiro parágrafo); 12 e 13.2º** porque non se axustan ao dereito ao asimilador descendente o fillo ou filla concibido ou concibida, é dicir que teña esta consideración a partir do nacemento.

12.- O **artigo 12**. Acreditación da condición de familia numerosa.

O CES considera que se debe modificar a linguaxe sexista, incluíndo o xénero feminino para denominar a titoras, acolledoras, gardadoras.

13.- O **artigo 13**. Familias monoparentais. Concepto.

O CES estima que na regulación das familias monoparentais debería eliminarse *“sempre que estes dependan economicamente e en exclusiva dos seus ingresos”*.

14.- Os **artigos 15, 16 e 17**. Concepto de familias con persoas maiores a cargo e con discapacidade.

O CES entende que se debería estender o concepto de persoa maior a cargo a calquera persoa maior de 65 anos, que conviva no núcleo, por razóns de consanguinidade ou afinidade.

Por consecuencia, debería modificarse o **artigo 16** en canto regula a forma de acreditar a condición de familia con maior a cargo, permitindo a acreditación en todos os supostos referidos polo CES e non só naqueles regulados na lei do IRPF.

15.- O artigo 23. Trato preferente dos membros das familias de especial consideración.

O CES considera que se debería establecer un umbral de renda para cada suposto do artigo 23.

16.- O artigo 29. Do lecer e a cultura.

O CES entende que no apartado de lecer e cultura, artigo 29, preséntanse as persoas maiores como un colectivo pasivo ao que hai que achegarlles formación e actividades pensadas e adaptadas para elas. Proponemos que se priorice o apoio aos procesos ou actividades deseñadas dende o colectivo das persoas maiores, con un principio de valoración do seu papel activo e do potencial que en coñecementos e experiencia poden achegar e das súas posibilidades de autorganización, e non só como meros receptores de actividades.

17.- O artigo 30. Principios reitores.

O CES considera que a referencia que se fai no **artigo 30.a)** ao dereito á vida non é procedente. Evidentemente que debe protexerse o dereito á vida, consagrado no artigo 15 da Constitución. A súa mención nesta Lei fai pensar que se pretende regular o que non é obxecto desta Lei.

O CES considera que se debe engadir unha nova letra relativa á *protección institucional das mulleres que decidan interromper voluntariamente o seu embarazo*, incluíndo o asesoramento e información do dereito á libre elección e exercizo da maternidade.

O CES estima que se debe incluír entre os principios reitores á realización de campañas de educación sexual e reprodutiva.

18.- O artigo 31. Ámbitos de actuación.

O CES considera que se debe modificar o texto relativo ao **apartado a)** suprimindo as referenzas á *concienciación social da importancia da maternidade e da protección do dereito á vida en formación*.

O texto proposto para substituír o anterior ficaría así: ***“Promovendo campañas de sensibilización destinadas á concienciación social da importancia da maternidade e da paternidade responsábeis, garantindo información ao respecto das políticas preventivas, formativas e informativas, en materia de saúde afectiva e sexual, especialmente dirixidas á infancia e á adolescencia”***.

Por outro lado, o CES entende que se deberían engadir tres novas letras:

f) Garantir que a muller xestante que decida proseguir co seu embarazo poida ter **acceso a un parto humanizado**, implementando os protocolos para tal fin, garantindo a información de todas as pautas a seguir no seguimento do seu embarazo, así como dos trámites relacionados co parto e postparto na rede pública de saúde (incluíndo a aplicación dos plans de parto presentados polas propias xestantes), propiciando a súa opinión e participación activa en todo o proceso, e garantindo o acompañamento pola persoa que elas escollan no momento do alumbramento.

g) Promover que as mulleres e homes que decidan ser nais ou pais a través da fórmula da adopción ou acollemento (tanto en solitario como no ámbito da parella) poidan facelo en iguais condicións ca o resto das nais biolóxicas, en materia de permisos relacionados coa conciliación e axudas.

h) Incluír medidas dirixidas a fomentar a natalidade, promovendo que tanto a maternidade como a paternidade e os acollementos poidan ser compatíbeis coa vida laboral. Recoller medidas dirixidas a poder realizar trámites e xestións relacionados coa adopción e o acollemento de xeito que sexan compatíbeis co desenvolvemento do traballo (causas xustificadas), de igual xeito que no caso de permisos para acudir a técnicas de preparación ao

parto. Facelo extensivo tamén ás técnicas de fecundación asistida ou in vitro. E garantir a protección no que respecta ao acompañamento da parella en todos estes trámites.

19.- O artigo 32. Principios reitores da conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

O CES entende que se debe modificar a redacción do **apartado a)**, do seguinte xeito: *“A adopción de medidas que aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar de xeito que se garanta o acceso, permanencia e promoción laboral das persoas que teñan asumido algunha responsabilidade familiar”*.

20.- O artigo 33. Adopción de medidas.

O CES estima que, no ámbito das competencias da Xunta de Galicia, debería usarse o termo *“establecerá”* en vez de *“promoverá”*.

O CES entende que o recoñecemento público a empresas debe incorporar a esixencia previa da Xunta sobre a implantación e aplicación dos plans de igualdade.

O CES entende que para o establecido no **Capítulo V**, e concretamente no artigo 33, relativo ao ámbito da empresa privada e á negociación colectiva, debe recordarse que a Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento, xa establece instrumentos específicos que deberían impulsarse por parte dos poderes públicos.

O CES considera que sería oportuno:

– Modificar a redacción do **artigo 33.1** nos seguintes termos: *“A administración pública galega, para garantir a aplicación de medidas dirixidas a acadar a conciliación da vida familiar, laboral e persoal das súas empregadas e empregados, achegará un informe con carácter periódico onde se relacionen aquelas solicitudes relacionadas con estes dereitos, así como o estado de tramitación das mesmas, que deberá ser dirixido ao órgano de representación ao que estea adscrito o persoal”*.

– Engadir no **apartado 33.3.**: *“ofertará actividades extraescolares que non interfiran co horario lectivo, para o cal contará con persoal específico para este tipo de actividades”*

– Incluír a implantación de servizos tales como *“almorzos escolares”* e *“comedores escolares”* de xeito que posibiliten a conciliación da vida familiar e laboral.

– Facer extensivas as iniciativas para compatibilizar traballo e responsabilidades persoais e familiares, co coidado de familiares dependentes. Por iso este apartado deberá incluír medidas dirixidas a favorecer o coidado de persoas maiores, con discapacidade ou dependencia, do mesmo xeito que as recollidas no ámbito educativo, ampliando a cobertura da atención domiciliaria, centros de día, residencias na rede pública, así como novos sistemas de conciliación como o xantar na casa, etc.

No **apartado 4** do artigo 33, sinálase que *“os pregos de cláusulas administrativas particulares das licitacións que convoquen as administracións públicas de Galicia, sinalarán a preferencia na adxudicación dos contratos ás proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que establezan a favor dos seus traballadores e traballadoras medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, sempre que as devanditas proposicións igualem, nos seus termos, ás máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación e respecten a normativa vixente”*.

Dado que existen outras preferencias de adxudicación na Lei 30/2007 e noutras, pero non se establece cal sería a orde na que operarían tales preferencias, o CES entende que o suposto do apartado 4 do artigo 33 do anteproxecto tería escasa aplicación práctica.

21.- O artigo 34. Igualdade de homes e mulleres e corresponsabilidade.

O CES entende que este artigo refírese a que a Xunta promoverá no ámbito das súas competencias, polo que debería clarificarse que se refire ao seu propio persoal ao fin de evitar confusións interpretativas.

22.- O artigo 39. Finalidades da mediación familiar.

O CES propón que no artigo 39, **apartado c)**, se engada o seguinte: *“res-*

tablecer, mellorar ou no seu caso conseguir un final pacífico ás relacións”.

23.- O artigo 40. Rede de recursos.

En canto á mediación familiar, o CES entende que esta rede de recursos complementaria dos dispostos en materia de mediación familiar, regulados na nosa Comunidade pola Lei 4/2001, do 31 de maio, e o Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro para os casos de conflito ante unha separación.

Recordar a este respecto, que a mediación familiar xa se atopa regulada na nosa Comunidade, no marco xudicial. Polo que debería clarificarse a relación que se establecerá entre este tipo de mediación, e a contemplada neste Anteproxecto, con carácter voluntario.

24.- O artigo 42. Da infancia e da adolescencia. Principios reitores.

Na clasificación deste artigo utilízanse as **letras “j”) e “k”)**, que non son propias do alfabeto galego, polo que o CES entende que deberían ser substituídas polas seguintes que corresponden.

Esta mesma consideración debe repetirse a respecto dos **artigos 47, 52, 57, 88, 113 e 117** (neste último caso só o “j”).

25.- O artigo 44. Planificación de actuacións e programación de recursos.

Neste artigo, establécese que *“coa finalidade de promover o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral e de acordo co establecido na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, os pregos de cláusulas administrativas particulares das licitacións que convoquen as administracións públicas de Galicia, sempre que se de o suposto de feito previsto no artigo 134 da devandita lei, deberán establecer como condicións especiais de execución dos contratos ou como elementos de valoración das ofertas a contratación de persoas menores de 25 anos tuteladas ou ex-tuteladas pola Xunta de Galicia”.*

O CES considera que deberían aplicarse preferentemente as condicións

especiais de execución mencionadas neste artigo.

26.- O artigo 47. Dereitos de especial protección da infancia e adolescencia.

O CES estima que se debería incluír no relatorio de dereitos das e dos adolescentes o acceso a información e asesoramento en materia de saúde afectiva, sexual e reprodutiva.

27.- Subsección 1ª. De apoio á familia.

A denominación desta subsección pode dar lugar a confusión coa finalidade de todo o anteproxecto de Lei, de mesma denominación, parecendo que se reduce esta a simplemente esta subsección, polo que o CES suxire a súa modificación.

28.- O artigo 65. Actuación de apoio á familia.

O CES considera que se debe substituír a redacción da **letra f)** por *“Axudas, prestacións económicas e medidas de apoio en materia fiscal”*.

29.- O artigo 116. Clasificación e gradación das sancións.

O CES entende que no **apartado 1.a)**, primeiro ítem, debería especificar o importe menor do *“mínimo”*, é dicir, sinalar o importe da sanción económica mínima.

30.- O artigo 118. Procedemento sancionador. Principios xerais.

O CES estima que na regulación dos principios xerais do procedemento sancionador, debería suprimirse o **apartado 6º** do artigo 118 do anteproxecto, posto que debe ser a lei a que determine os órganos competentes para a imposición das sancións que se prevén no **Título III**. Pero é que, ademais, o propio **artigo 121** do proxecto xa prevé, de maneira expresa, os órganos com-

petentes para a imposición das sancións.

Polo tanto, ou debe eliminarse o artigo 118º, ou ben este debe facer referencia non aos órganos competentes para a imposición das sancións, senón aos órganos competentes para a instrución dos expedientes.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2011

Vª e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Juan Carlos Veiga Hermida

VOTO PARTICULAR

VOTO PARTICULAR QUE PRESENTA A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Os conselleiros do grupo segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), discrepan, en parte, do contido do ditame aprobado pola Comisión Sectorial n.º 2 do Consello Económico e Social de Galicia (CES) ao Anteproxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia porque existen, neste, algunhas consideracións coas que os representantes do grupo segundo non poden manifestar o seu acordo, aínda que haxa que recoñecer os esforzos de todas as organizacións representadas na Comisión Sectorial n.º 2 do CES para chegar a un texto aprobado co maior consenso posible.

Os integrantes do grupo segundo queren manifestar que as discrepancias se refiren, exclusivamente, ás consideracións que deseguido se expoñen.

Consideración xeral segunda

Os representantes da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) non comparten o texto da devandita consideración xeral, tras ter en conta que o anteproxecto de lei, obxecto do ditame, ten por obxecto apoiar e protexer as familias e os seus membros (artigo 1), que de acordo coa exposición de motivos neste anteproxecto recoñécese que “a evolución histórica e a complexidade progresiva da organización social atopan reflexo e acollida na familia como institución en permanente evolución” e, por outra parte, que “fórmulas de convivencia que sen ser novas eran ata agora infrecuentes, teñen cabida na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa” e recóllese, tamén, como principio reitor “o apoio e a protección á muller xestante, promovendo os dereitos e liberdades constitucionais e civís nos que se asenta a súa dignidade”, redacción que protexe calquera opción da muller ao abeiro da vixente lexislación civil.

Por estes motivos, non se comparten as consideracións que se fan na consideración xeral segunda do texto do ditame, no que, na nosa opinión, a crítica da excesiva carga ideolóxica que se fai é perfectamente aplicable a esta consideración xeral, na que, ademais, se inclúen cuestións que non son obxecto deste anteproxecto como é o caso da supresión do Servizo Galego de Igualdade.

Na opinión deste grupo, o segundo parágrafo da consideración xeral 1 sería o seguinte:

“Examinado o Anteproxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o CES manifesta a súa valoración positiva cos obxectivos e cos principios que persegue o texto do anteproxecto, desde o punto de vista da protección que pretende ofrecer á familia e aos seus membros”.

Consideración xeral quinta

En canto a esta consideración xeral, propónse a súa eliminación ao non compartirse a reflexión que se inclúe, nesta, ao criticarse que a familia sexa considerada estrutura básica e medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa, así como o obxecto de aplicar unha política que busca directamente a promoción da natalidade.

A consideración da familia como elemento natural e fundamental da sociedade é unha mención que se inclúe na Declaración Universal dos Dereitos Humanos da asemblea xeral das Nacións Unidas (artigo 16.3), o cal non quere dicir que, neste concepto, o lexislador acolla só á familia tradicional pois xa, na exposición de motivos, se sinala que é unha institución en permanente evolución e que fórmulas de convivencia, ata o de agora infrecuentes, teñen acollida no concepto de familia, se temos en conta, ademais, os recentes cambios na lexislación civil.

Por outra parte, na Carta Social Europea establécese que “a familia, como célula fundamental da sociedade, ten dereito a unha adecuada protección social, xurídica e económica, para lograr o seu pleno desenvolvemento” (parte I, número 16).

Tamén, na propia Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás fami-

lias numerosas, sinálase que “a familia como núcleo fundamental da sociedade, desempeña múltiples funcións sociais, que a fan merecedora dunha protección específica” (Exposición de motivos).

Polo tanto, tras ter en conta estas consideracións, segundo a nosa opinión, o que fai o anteproxecto é incorporar o concepto de familia recoñecido no acervo xurídico estatal e mesmo internacional.

Por último, cabe sinalar, tamén, que a crítica da promoción da natalidade é contraditoria coa consideración particular 6 pola que o CES propón a elaboración dun Plan específico de estímulo da natalidade.

Consideracións particulares 1, 17 e 18

Polos representantes do grupo segundo non se comparte a proposta de eliminación do principio institucional da protección do dereito á vida, dereito recoñecido na Constitución española (artigo 15) coa máxima protección xurídica, e a correlativa mención á interrupción voluntaria do embarazo.

En opinión dos representantes do grupo segundo, a mención, no texto, do Anteproxecto do principio de promoción dos dereitos e das liberdades constitucionais e civís nos que se asenta a dignidade da muller (artigo 30) integra calquera das posibilidades establecidas na vixente normativa civil (incluídas as reguladas na Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo).

Por estes motivos, proponse eliminar “e mesmo a interrupción do embarazo nos supostos legais” na consideración particular 1, os dous primeiros parágrafos na consideración particular 17 e os dous primeiros parágrafos da 18 e empezar a redacción “O CES entende que se deberían engadir tres novas letras”.

Consideración particular 2

Por coherencia co sinalado máis arriba na consideración quinta, non podemos estar de acordo con esta consideración particular ao eliminar o carácter de estrutura básica e natural da familia. Na nosa opinión, cómpre engadir á consideración redactada no corpo do ditame esta mención:

“... no artigo 39 da Constitución española, a protección xurídica, económica e social da familia, en todas as súas manifestacións, formas de organización, como estrutura básica da sociedade e do ámbito natural de desenvolvemento da persoa... “.

Consideracións particulares 3 e 11

No texto do ditame, propónse a eliminación das mencións que se fan á consideración do “concebido non nacido”. Entendemos que é unha opción válida do lexislador a de ter en conta esta situación para poder acceder ao beneficios estipulados, no texto, do anteproxecto (verbi gratia Familias de especial consideración), coas debidas garantías en orde á súa acreditación e incluso coa suxeición ao cumprimento de certas condicións dependendo do beneficio de que se trate.

Propoñemos eliminar o último parágrafo da consideración particular 3 e a totalidade da consideración particular 11.

Consideración particular 20

Non se comparte que o recoñecemento público a empresas deba incorporar a esixencia previa da Xunta de Galicia sobre a implantación e a aplicación dos plans de igualdade, posto que existe a obriga de negociar, que non de acordar, un plan de igualdade para aquelas empresas cuxo cadro de persoal sexa de máis de 250 persoas traballadoras, esta mención podería deixar fóra do recoñecemento a moitas empresas que incorporan medidas de conciliación e apoio á familia, sen ter a obriga legal de dispoñer dun plan de igualdade.

Por estes motivos, propoñemos eliminar o segundo parágrafo da consideración particular 20.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2011



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org